Universida de Vigo

Campus Universitario
36310 Vigo
España

www.uvigo.es

Universidade de Vigo -
Rexistro Xeral

Saída Nº. 201500019654
26/10/15 09:02:58

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 26 DE OUTUBRO DE 2015 POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DEFINITIVA DAS PERSOAS SELECCIONADAS E A LISTAXE DE AGARDA DAS BOLSAS DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA NAS ACCIÓNS DE MELLORA DA CALIDADE NA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE NO CAMPUS DE PONTEVEDRA PARA O CURSO ACADÉMICO 2015/16.**

Pola resolución reitoral do 13 de agosto de 2015 convocáronse tres bolsas para a formación complementaria nas accións de mellora da calidade na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte no Campus de Pontevedra para o curso académico 2015/16.

Rematado o prazo para a presentación das alegacións e remitido o acordo pola Comisión de Selección, esta Reitoría RESOLVE:

1. Aprobar a publicación da **listaxe definitiva das persoas seleccionadas**, a **listaxe de agarda** e o **acordo da Comisión** (véxase o anexo I).

Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes mencionado mentres non recaia a resolución expresa do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que modifica a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 26 de outubro de 2015

O reitor
Por delegación de competencias (RR do 7 de maio de 2014)
(DOG 13/05/2014)
A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado

Ana Mª Graña Rodríguez

Dilixencia para facer constar que esta resolución publícase no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral da Universidade de Vigo, con data 26 outubro de 2015.
O xefe da Área de Bolsas

Francisco Navaza Dafonte

Campus Universitario
36310 Vigo
España

www.uvigo.es

# ANEXO I

**LISTAXE DEFINITIVA DAS PERSOAS SELECCIONADAS:**

| APELIDOS E NOME | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| Lorenzo Rial, Verónica | 5,48 |
| Santuro Estévez, Cristina | 3,59 |
| Fernández López, Cintia | 3,58 |

**LISTAXE DE AGARDA:**

| APELIDOS E NOME | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| Rilo Rodríguez, Sandra | 3,10 |
| Pérez Pazo, Adriana | 3,06 |
| Muñiz Ortiz, Alba María | 2,40 |

Universidade Vigo

Campus de Pontevedra

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Campus Universitario
36005 Pontevedra
España

Tel. 986 801 700
Fax 986 801 701
webs.uvigo.es/feduc
sdexbp@uvigo.es

UNIVERSIDADE DE VIGO
FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE
SECRETARÍA DO DECANATO
23 OUT. 2015
SAIDA
Nº 260

A Comisión avaliadora da reclamación presentada por dona Adriana Pérez Pazo, contra a Resolución reitoral do 14 de outubro de listaxes provisionais de persoas seleccionadas para as bolsas de formación complementaria nas accións de mellora da calidade na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte no Campus de Pontevedra para o curso académico 2015/16, convocadas pola Resolución reitoral de 13 do agosto de 2015, reunida o día 22 de outubro de 2015,

**resolve** non admitir a trámite un novo documento xustificativo presentado pola solicitante, axustándose á aplicación da resolución da convocatoria das ditas bolsas, onde se recolle no punto VI:

*Lugar de presentación das solicitudes e documentos*
*As persoas interesadas, deberán presentar xunto coa solicitude a seguinte documentación:*

- *Currículo relacionado con obxecto da convocatoria.*
- *A ficha persoal de pagamentos (véxase o Anexo II)*
- *A certificación académica oficial; no caso de que os estudos foran realizados noutra universidade distinta á Universidade de Vigo.*
- *A copia do NIF, NIE ou pasaporte en vigor.*
- ***Os documentos acreditativos dos cursos de formación ou doutros méritos relacionados coa convocatoria.***
- *[...].*

De feito, a Resolución reitoral do 15 de setembro de 2015 pola que se publicou a listaxe do alumnado admitido e excluído provisional, esgrimía daquela o mesmo motivo para excluír provisionalmente as dúas persoas que non cumprían o requisito subliñado e destacada en negriña. Xa que logo, a comisión soamente xulgou os méritos debidamente xustificados con documentos presentados no momento de formalizar a solicitude.

En Pontevedra, 22 de outubro de 2015

Vicente Romo Pérez　　Jorge Viaño Santasmarinas　　Cristina Varela Casal